

AVISO FITOSANITARIO

Crisomélidos defoliadores do Xénero *Salix sp.*



Dende fai algunhas semanas, vense nos salgueiros dalgúns zonas de Galicia, os característicos danos causados polos escaravellos crisomélidos, principalmente na autovía A6, na zona de Baamonde e na autovía A8 na zona de Goiriz.

Tanto as larvas como os adultos de estes escaravellos aliméntanse das follas dos salgueiros deixando só as nervacións destas. De tal maneira que as árbores que sofren o ataque de este defoliador adquiren a mediados do verán unha coloración cobriza consecuencia do secado das estruturas foliares non consumidas.

O inverno pásano na fase adulta en refuxios onde se protexen do frío, agrupándose posteriormente na parte baixa dos troncos coa chegada da primavera, onde esperan a que se formen as primeiras follas para comezar a alimentarse e realizar a posta. No mes de Abril, os adultos saen dos seus refuxios, suben as árbores e comezan a alimentarse do parénquima das follas. Logo dun tempo aparéanse, e nos mes de Xuño as larvas, que nun primeiro momento son negruzcas, aliméntanse agrupadas nas follas, deixando soamente a nervadura das follas.

